

O Concello demanda a recuperación da praia do porto de Santa Cruz

Avanza a creación do novo parque costeiro de Bastiaqueiro

Páxina 6



Concello de  Oleiros

A urbanización do Paraíso permitirá prolongar o paseo da ría

Páxina 7

Vivir en Oleiros

Número 64
Agosto 2019
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Alternativa dos Veciños revalida a maioría absoluta con 10.498 votos, o mellor resultado da historia da democracia en Oleiros



Complétanse as beirarrúas en Lorbé

Páxina 6

1.813 persoas participan no Vén e Descubre

Páxina 14

Vladimir Zapparov subcampión do mundo de taekwondo

Páxina 16

Miles de grazas!

■ “Como alcalde de Oleiros quero agradecer unha vez máis o maioritario recoñecemento á xestión que realizamos no Concello. O 58,71% dos e das oleirenses depositaron en nós a súa confianza, á marxe de credos e ideoloxías. O máximo respecto tamén para aqueles que optaron por outros grupos. Nós gobernaremos para todos e todas, co obxectivo de seguir acadando este Oleiros distinto e singular”, Ángel García Seoane.

O Concello saca a contratación 23 obras e servizos valorados en 4,8 millóns

O pleno municipal aprobou 23 obras e servizos que teñen un custo de 4.829.232 euros. Parte da financiación destes proxectos procede dos 3,8 millóns de superávit cos que conta o Concello de Oleiros do exercicio anterior.

Páxinas 12 e 13

Como saber onde está todo en **Oleiros**

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

10.498 GRAZAS!

O pasado 26 de maio o pobo de Oleiros falou alto e claro ante as urnas. Unha inmensa maioría de cidadáns, concretamente 10.498 persoas, amosaron a súa confianza no proxecto político de Alternativa dos Veciños e o seu desexo de que continuemos xestionando o noso municipio. Tamén recibimos un importante apoio noutros concellos, o que nos converteu na cuarta forza política de Galicia.

A nosa presenza nos gobernos de Oleiros, Carral, Bergondo e Sada e nas corporacións de Culleredo, Cambre e Arteixo imos empregala para beneficio de toda a cidadanía. Na comarca da Coruña carecemos de importantes infraestruturas

que só acadaremos unidos, mediante a creación dunha Área Metropolitana forte que permita mellorar e incrementar os servizos públicos.

Na Deputación provincial continuaremos sendo implacables ante calquera intento de clientelismo ou de arbitrariedade. Desde unha oposición construtiva, queremos que a Deputación pise o acelerador na mellora das infraestruturas viarias da súa titularidade, así como nos programas sociais e culturais que lle corresponden ofrecer aos cidadáns.

En Oleiros non imos deixar de avanzar a paso firme para lograr os importantes retos que

temos por diante. Con honestidade, dedicación e eficacia, aplicaremos as políticas sociais, culturais, urbanísticas e medioambientais que se demostraron ser tan beneficiosas para o conxunto da veciñanza. Así, crearemos novos espazos públicos, paseos, zonas verdes, equipamentos deportivos... A conservación e coidado do inmenso patrimonio público que todos e todas gozamos será outra das nosas prioridades. E como non, seguiremos coidando ás persoas maiores, programando actividades para nenos, axudando ás familias que máis o necesitan e fomentando a convivencia e o lecer entre os veciños.

Todos estes obxectivos, que estamos convencidos de poder lograr ao longo desta nova lexislatura, nunca poderían ser realidade sen o voso apoio o pasado 26 de maio. Tampouco sen o traballo de todas esas persoas que dedican o seu tempo a Alternativa dos Veciños. Eles e elas son o motor de Oleiros e os artífices de que se poida executar o noso programa político para a consecución deste territorio singular e distinto do que todos e todas gozamos. Sabemos que temos unha confianza grande, pero a responsabilidade coa que seguiremos traballando aínda é maior. Grazas, grazas e 10.498 veces grazas.



Partido Popular de Oleiros

OS PANEIS INFORMATIVOS “DO ALCALDE”

Ante o uso partidista por parte do noso Alcalde dos paneis informativos municipais para a crítica ideolóxica a outros partidos, políticos nacionais ou internacionais, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello desexa manifestar:

1. O Sr. Alcalde foi elixido para xestionar o municipio de Oleiros e servir a todos os seus habitantes, non para adoutrinalos coas súas ideas sobre cuestións alleas ao Concello.

2. Os paneis informativos, radio e revistas municipais etc son bens públicos sufragados por todos os oleirenses, e están destinados a informar das actividades e servizos municipais.

3. A nosa lexislación establece que os poderes públicos deben ser neutrais. Facer crítica político-ideolóxica con medios públicos é contrario a esa neutralidade.

4. Ter maioría absoluta no non lexitima a ninguén para abusar do poder nin

incumprir a Lei (é precisamente o que fixeron Hitler, Mussolini, Mao e Fidel Castro).

5. O uso do eslogan do seu partido “somos singulares” nos paneis informativos e demais medios públicos, é intolerable, pois é propaganda de Alternativa dos Veciños pagada co diñeiro de todos.

6. O diñeiro público que se gasta en propaganda ben podería ir destinado a

augmentar o importe das axudas á escolarización e das becas comedor, ou augmentar o número de beneficiarios, que se duplicarían.

7. Recentemente a Xunta Electoral prohibiulle facer uso deses medios para o seu propio beneficio e o do seu partido, impoñéndolle dúas multas por facelo. Aínda que a súas decisións se circunscriben aos períodos electorais, a obriga de neutralidade é permanente.



Grupo Municipal Socialista

Novamente no mes de agosto, en plena época estival, atopámonos con varios problemas que xa viñemos denunciando toda esta lexislatura como son, por unha banda, os contratempo e prexuízos que ocasiona a ORA para os residentes en zonas como Mera, Santa Cruz e especialmente, en Santa Cristina; localidades nas que os veciños vense o abocados a

auténticas odiseas para estacionar os seus vehículos cando chegan aos seus domicilios. Na consideración de que non é unha situación xusta, desde o Partido Socialista de Oleiros levamos máis de catro anos esixindo, polo menos, a creación de zonas de aparcamento específicas para residentes, xa que o goberno local négase a substituír o actual sistema de pagamento por

outro gratuito de estacionamento limitado, coma noutros concellos.

Por outra banda, é preciso destacar que os oleirenses estamos fartos dos constantes apagóns que se producen no alumeadado público de determinadas zonas de Oleiros cada vez que cae catro gotas, aspecto que denunciámos ata a extenuación en numerosos plenos e que levamos

soportando máis de 3 anos, sen solución algunha por parte do Concello. A última vez, o domingo 11 de agosto, afectando a toda a avenida Ernerto Che Guevara e outras zonas, creando evidentes situacións de perigo para viandantes e condutores. É sabido que algúns teñen poucas luces e non hai trazas de que isto cambie. Feliz verán.



Bloque Nacionalista Galego

Entender a política con alma, corazón e vida

Nas eleccións municipais do pasado 26 de maio a lista do BNG obtivo en Oleiros un total de 1.040 votos. Nas europeas, que se celebraban ese mesmo día, foron 1.696.

Estes resultados, unidos aos das xerais de abril deste ano ou aos das autonómicas de 2016, confirman que o Bloque volve estar nunha fase de crecemento, se ben non nos esquece que é aínda moito o traballo que queda por facer. A todas as veciñas e veciños que confiaron en nós, o noso profundo agradecemento.

Máis alá do resultado das urnas, estamos moi contentas/os de anunciar que neste mandato o BNG de Oleiros vai ser unha organización máis forte, máis dinámica, máis numerosa e máis renovada. E un BNG

máis fortalecido é unha boa noticia para toda a veciñanza, votase a quen votase, porque significa poder ser unha ferramenta con máis capacidade para traballar e, por tanto, máis útil: imos poder chegar a máis sitios, facer máis propostas, atender máis necesidades ou demandas sociais.

Sempre cunha vontade construtiva e propositiva; con ánimo de sumar, de cooperar e nunca de entorpecer; de presentar iniciativas novas que axuden a facer que poidamos seguir estando orgullosas/os do noso concello e do noso pobo. Con toda a paixón das nosas ideas. Como dixo Fran, o noso portavoz, no pleno constituínte deste mandato: facéndoos con alma, corazón e vida, como no bolero.



Ciudadanos

Ciudadanos, tras os resultados obtidos nas pasadas eleccións municipais, entrou a formar parte da Corporación Municipal co firme propósito de sumar e consensuar porque entendemos que Oleiros é o máis importante. Farémolo sempre desde o respecto, porque os concelleiros representamos aos cidadáns que depositaron a súa confianza en nós e cando se producen discrepancias deben ser resoltas desde o diálogo e a colaboración.

Desde a oposición realizaremos unha labor construtiva apoiando todas aquelas iniciativas e proxectos que sexan bos para Oleiros, independentemente da formación política que as presente.

Creemos firmemente que os 21 homes e mulleres que compoñemos a Corporación temos un denominador común, o noso amor por Oleiros, e por isto debemos intentar traballar en equipo para conseguir mellorar o noso concello.

EDITORIAL • A difícil tarefa de gobernar

◆ O sistema democrático brinda á cidadanía a posibilidade de elixir as persoas e partidos políticos para que administren e gobernen os recursos do Estado co obxectivo de acadar o desenvolvemento e o progreso do país e dos seus cidadáns e cidadás.

A triste realidade é que aqueles que representan as distintas e dispares opcións políticas e ideolóxicas, desde hai tempo, veñen amosándonos que o que menos lles interesa é precisamente o país e os seus cidadáns.

Estamos a observar como unha vez elixidos os candidatos e colocados nas poltronas dos parlamentos e administracións públicas coa moqueta, os sillóns ben mullidos, as prebendas económicas e outras que se lle achegan ao cargo, esquecen os compromisos adquiridos nas tediosas campañas electorais e ás arengas e soflamas utilizadas nas mesmas para acadar unicamente o que lles interesaba: chegar ao poder e servirse do pobo.

Analizando este vergoñento e preocupante espectáculo de propostas, contrapropostas, compra de vontades entre partidos políticos, podemos concluír que ten parecido cun zoco árabe ou co chalaneo que se practica nas feiras.

A ambición desmesurada e o ego dos tratantes nesta feira política, tanto pola esquerda como pola dereita, están a desacreditar aínda máis a xa maltreita política tan danada nos últimos anos polos continuos atracos ás arcas públicas, pola destrución do emprego e pola terrible praga da corrupción.

O país non pode volver ir ás urnas porque pouco ou nada vai cambiar. É necesario un pacto que permita a gobernabilidade do Estado para que non perdamos o tren do progreso. Uns e outros están obrigados a facer o país gobernable. Xa que están na feira a ver si se lles pega algo dos chaláns do gando que pechan a operación cun apretón de mans.



Constitúese a nova corporación municipal



■ Os concelleiros e concelleiras elixidas nas pasadas eleccións municipais do 26 de maio tomaron posesión das súas respectivas actas no pleno que tivo lugar na Fábrica o 15 de xuño. Nesa sesión foi investido alcalde Ángel García Seoane, que dixo durante o seu discurso pretender corresponder ao importante apoio recibido nas urnas. En total Alternativa dos Veciños recibiu 10.498 votos, a cifra máis elevada recibida por un grupo político nuns comicios en Oleiros, tanto en eleccións locais, autonómicas, xerais ou europeas.

◆ A composición do Goberno aprobouse no pleno de organización municipal celebrado na Casa Charry o 27 de xuño. Os concelleiros que continúan nesta nova lexislatura continuarán xestionando as áreas nas que xa estaban traballando. Aos novos asignáronselles os departamentos de Obras Públicas e Medioambiente, Servizos Sociais e Igualdade, Ensino e Xuventude e Sanidade e Consumo.

Todos os concelleiros do Goberno non poden realizar outro tipo de actividade remunerada, nin tampouco percibirán ningún dietas por asistir a plenos, comisións e mesas de contratación. Si recibirán dietas os concelleiros da oposición, tanto pola asistencia a plenos como a comisións informativas.

Grupo de Goberno de Alternativa dos Veciños



1



2



3



4



5



6



7



8



9



10



11



12



13

Alternativa dos Veciños logrou 10.498 votos, 7.369 máis que a segunda forza

1 Ángel García Seoane: alcalde.

2 María José Varela Neira: primeira tenente de alcalde e concelleira de Interior, Seguridade cidadá, Urbanismo e Economía e facenda.

3 Margarita Figueroa Vázquez: Segunda tenente de alcalde e concelleira de Recursos humanos, Cooperación e Participación cidadá.

4 Mª Esther Isabel Garrido Pan: Terceira tenente de alcalde e concelleira de Cultura e Normalización lingüística.

5 Mª Teresa Vázquez Maseda: cuarta tenente de alcalde e concelleira de Deportes, Formación e emprego, Turismo e Promoción económica.

6 Antonio Molinos Marcote: quinto tenente de alcalde e concelleiro de Obras Públicas e Medio Ambiente.

7 Pablo Cibeira Taboada: sexto tenente de alcalde e concelleiro de Comunicación e Novas tecnoloxías.

8 Aurora Belén Taboada Casal: sétima tenente de alcalde e concelleira de Servizos Sociais e Igualdade.

9 Jaime Rumbo Mosquera: concelleiro de Servizos Municipais.

10 María José Santos Zas: concelleira de Ensino e Xuventude.

11 Sandra Fernández Fernández: concelleira de Economía, Facenda e Contratación.

12 Rosa Mª Méndez Gómez: concelleira de Parques e Xardíns.

13 Marta María Martínez Martínez: concelleira de Sanidade e Consumo.

Grupo Municipal do Partido Popular



1



2



3



4

- 1 José Ángel Bonome González
- 2 Tristana Moraleja Gómez
- 3 Jorge Platas Casal
- 4 María Dolores Silva Núñez

Grupo Municipal do PSDEG-PSOE



1



2

- 1 Jorge Pérez Méndez
- 2 Ana Candal Malvís

Grupo Municipal do BNG



1

- 1 Fran Rei García

Grupo Municipal de Ciudadanos



1

- 1 Manuel Jesús José Moinelo Allegue

RETRIBUCIÓN BRUTAS ANUAIS

● Alcalde (dedicación exclusiva):	56.743,32 € brutos anuais
● Primeira tenente de alcalde e concelleira de Interior, Seguridade Cidadá, Urbanismo e Economía e Facenda (dedicación exclusiva):	42.031,78 € brutos anuais
● Segunda tenente de alcalde e concelleira de Recursos Humanos, Cooperación e Participación Cidadá (dedicación exclusiva):	42.031,78 € brutos anuais
● Terceira tenente de alcalde e concelleira de Cultura e Normalización Lingüística (dedicación exclusiva):	31.523,80 € brutos anuais
● Cuarta tenente de alcalde e concelleira de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción Económica (dedicación exclusiva):	31.523,80 € brutos anuais
● Quinto tenente de alcalde e concelleiro de Obras Públicas e Medio Ambiente (dedicación exclusiva):	26.269,88 € brutos anuais
● Sexto tenente de alcalde e concelleiro de Comunicación e Novas Tecnoloxías (dedicación exclusiva):	26.269,88 € brutos anuais
● Sétima tenente de alcalde e concelleira de Servizos Sociais (dedicación exclusiva):	26.269,88 € brutos anuais
● Concelleiro de Servizos Municipais (dedicación exclusiva):	26.269,88 € brutos anuais
● Concelleira de Ensino e Xuventude (dedicación exclusiva):	26.269,88 € brutos anuais
● Concelleira de Economía, Facenda e Contratación (dedicación parcial):	26.269,88 € brutos anuais
● Concelleira de Parques e Xardíns (dedicación parcial):	26.269,88 € brutos anuais
● Concelleira de Sanidade e Consumo (dedicación parcial):	26.269,88 € brutos anuais

Deputación da Coruña

◆ Alternativa dos Veciños conseguiu un total de 17.127 votos en toda a comarca da Coruña que lle outorgaron un deputado provincial. Seguirá ocupando este cargo o alcalde, Ángel García Seoane.

García Seoane continuará realizando tarefas de control do Goberno e traballando para que Oleiros reciba o trato que lle corresponde polo seu peso poboacional. A pasada lexislatura, co alcalde como deputado, os fondos asignados a Oleiros pasaron dos 2 millóns da etapa de Diego Calvo a máis de 7.



Avanza a creación do Parque litoral de Bastiagueiro Pequeno ▼



◆ A creación do Parque litoral de Bastiagueiro Pequeno desenvólvese segundo o previsto. A actuación, que ten un custo de 479.268 euros, finánciase con fondos do Concello e cunha pequena aportación da Deputación. Ademais, existe unha previsión dun millón de euros para realizar a expropiación das 3 vivendas situadas sobre a praia de Bastiagueiro Pequeno.

Para finalizar esta obra acometerase outro investimento para axardinar o linde co actual Parque das Galeras e para adquirir unha escultura alegórica sobre o lecer neste espazo natural.

Este novo parque e o das Galeras, que estarán conectados, suman unha extensión total de 138.000 metros cadrados. Ocupan toda a franxa costeira desde o linde do Hotel Portocobo ata a praia de Bastiagueiro.

A urbanización do centro de Oleiros abrirá novos espazos públicos



◆ Estase a executar a urbanización do centro de Oleiros. Esta actuación permitirá ampliar a praza da Rabadeira e a zona verde situada a carón da Casa do Concello.

O Concello completa as beirarrúas en Lorbé



◆ Estanse a construír as beirarrúas da estrada autonómica ao seu paso polo núcleo de Lorbé, naqueles tramos nos que non existían. O Concello de Oleiros quere agradecer a todos os veciños e veciñas que fixeron posible esta actuación coa cesión gratuita do solo necesario para a obra, que ten un custo total de 374.027 euros.

Finaliza a renovación da avenida Rosalía de Castro

◆ Recentemente remataron as obras de reurbanización desta rúa, desde a rotonda de Lucín ata a ponte da Pasaxe. Realizouse unha reordenación dos aparcamentos e renováronse por completo as beirarrúas e as redes de servizos públicos existentes. A circulación tamén se modificou, pasando a ser de dirección única.



O desenvolvemento urbanístico do Paraíso permitirá ampliar o paseo da ría ▼



◆ Foi aprobado definitivamente a urbanización coñecida como O Paraíso, na que o Concello pasa a ser titular de 7.000 metros cadrados de solo. Esta actuación vai permitir a prolongación do paseo da ría desde Beiramar ata esta zona.

A conexión de Mera coa vía Ártabra continúa en marcha



◆ Execútanse as obras de ampliación da estrada que conecta o centro de Mera coa vía Ártabra. A calzada pasará a contar con 7 metros de ancho e tamén se construírán beirarrúas.

Ornamentación de rotondas ▼



◆ O Concello investiu 45.783,30 euros na decoración de catro rotondas do municipio. Con estas actuacións preténdese que as vías de comunicación sexan espazos máis humanizados e cálidos.

Instalan as pasarelas da N-VI, mentres segue sen licitarse o túnel de Sol y Mar ▶

◆ Con tres anos de demora están a colocarse as pasarelas peonís no tramo comprendido entre Sol y Mar e O Graxal. Nada se sabe da contratación das obras para ordenar o cruce de Sol y Mar. O proxecto xa está aprobado definitivamente, pero polo momento aínda non saíu a licitación.



O Director Xeral de Estradas comprometeuse co alcalde a contratar esta obra unha vez o proxecto estivera aprobado. De non ser así, e dado que os orzamentos do Estado contemplan unha partida de 4 millóns para poder iniciar a obra este ano, o Concello programará diversas accións ata conseguir a realización da obra.

O Concello demanda a recuperación da praia do Porto de Santa Cruz ▶

◆ O alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, solicitou á Dirección Xeral de Costas a rexeneración do areal da praia do porto de Santa Cruz. Debido á acción do mar desapareceu unha parte importante de area que está a ocasionar diversos ocos nos muros do paseo marítimo que a curto prazo poden provocar afundimentos no pavimento.



A xefatura de Costas na Coruña amosou a súa predisposición a abordar esta actuación, dada a importancia turística da localidade de Santa Cruz. Ao longo dos anos, o Concello realizou fortes investimentos para a conservación do litoral por toda a costa do municipio.

**Milleiros de
persoas perden
a vida cada día
no Mediterráneo**

**Fuxindo da fame
e das guerras
provocadas
polos Gobernos
occidentais**



O Concello sacará á venda solo para a construción de vivendas de aluguer protexido

◆ Nos vindeiros días sairán á venda 4 parcelas de propiedade municipal, adquiridas gratuitamente polo Concello a través da xestión do solo das novas urbanizacións que se foron creando por todo o municipio. Os solares están situados nas proximidades do campo de golf de Xaz, no centro de Mera, en Oleiros e en Perillo e son para a construción de edificios de pisos de aluguer protexidos, aos prezos taxados pola Consellería de Vivenda. Neste momento, o Estado impide a construción de vivendas protexidas para a súa venda.

PARCELAS PARA CONSTRUIR VIVENDAS PLURIFAMILIARES PROTEXIDAS				
LOCALIDADE	PARCELA	VIVENDAS	M ²	EUROS
■ PERILLO (CORREDOIRA DAS VIÑAS)	PARCELA RC5010	10	1.642,03	607.683
■ MERA (CIVIDANES)	PARCELA M-6B	19	1.881,92	550.628,49
■ DORNEDA (XAZ)	PARCELA RB-2.1.1, PROINDIVISO 42,76%	10	2.877,37	263.589,67
■ OLEIROS (A RABADEIRA)	R-2	6	370,72	208.469,19

SOLO PARA VIVENDAS UNIFAMILIARES ▼

O Concello tamén dispón de solo á venda para a construción de vivendas unifamiliares en Xaz, no centro de Mera, en Canide, en Oleiros e en Iñás. Aquelas persoas interesadas en adquirir algunha destas parcelas deben dirixirse á Secretaría Xeral do Concello.

As licenzas para construír incrementáanse un 168% ▼

◆ No que vai de ano o Concello outorgou 57 licenzas para a construción de vivendas unifamiliares. Para edificios de baixo e dúas plantas concedéronse 2 licenzas que permitirán crear 28 novas vivendas. Estas cifras supoñen un grande incremento en relación ao 2018, xa que a estas mesmas alturas de ano outorgáranse 22 licenzas para obra maior.

Os pisos estanse a construír en Perillo e as casas edificaranse por todas as localidades. Estes desenvolvementos supoñen un importante empuxón á creación de postos de traballo.



O Ministerio de Facenda sube un 3% o valor catastral dos bens inmobles de Oleiros ▼

◆ A Facenda do Estado vai incrementar o valor catastral das propiedades en Oleiros. A repercusión nos recibos do IBI estará entre os 4 e os 12 euros anuais, en función do tipo de vivenda. O Concello segue mantendo o mesmo tipo no IBI, o 0,605%.

ASÍ SI!



Coida ao teu can e evita multas

O bus urbano 1-A funciona a pleno rendemento, a pesar da climatoloxía

◆ A nova liña de transporte público que está a conectar Santa Cristina coa cidade da Coruña está a ter un elevado número de persoas usuarias. Malia que o tempo non está acompañando para o uso das praias, a Compañía de Tranvías da Coruña leva contabilizados a milleiros de cidadáns e cidadás tanto de Oleiros como da Coruña que utilizan este medio de transporte en ambos sentidos.

Dada a boa acollida que está a ter, o Concello vai solicitar á Xunta, ao Concello da Coruña e á Compañía de Tranvías a continuidade do servizo de transporte do bus urbano 1-A durante todo o ano. O Goberno municipal tamén ten previsto solicitar que todas as liñas de buses urbanos que chegan ata a ponte da Pasaxe estendan o seu percorrido ata Santa Cristina.



Novas zonas de aparcamento express en Perillo e Santa Cruz ▼

◆ A rúa Viñas de Babilonia, a avenida Che Guevara e a avenida Rosalía de Castro contan con novas prazas de estacionamento comercial limitado gratuito. Estas prazas de aparcamento, que están indicadas de cor laranxa, funcionan durante todos os días do ano de 9:00 a 20:00 horas. O tempo que se poden ocupar é de 30 minutos. Os condutores deben colocar calquera elemento no que apareza a súa hora de chegada xunto ao parabrisas do vehículo.



Os centros de lecer de Santa Cruz e As Pedras abrirán en ◀ outubro

◆ O Concello vai sacar a licitación o servizo de ocio para os centros de lecer de Santa Cruz e As Pedras, en Montrove. Estes equipamentos para a xuventude acaban de ser remodelados por completo. No caso de Santa Cruz realizouse unha reforma total e en Montrove, na antiga Escola das Pedras que albergaba o Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil, tamén se realizou unha completa obra de mellora para adaptar esta instalación ao seu novo fin.

INFÓRMATE DA ACTUALIDADE MUNICIPAL

▶ Subscríbete ao servizo de novas do Concello de Oleiros | www.oleiros.org

Atentado medioambiental no parque de Naval ▼



◆ Catro castiñeiros que levaban dous anos plantados na zona verde de Naval foron cortados e, posteriormente, cubertos con sal para evitar que os cepos volvesen brotar. Dáse a circunstancia de que cando se procedeu á limpeza desta finca, unha persoa dirixiuse a unha concelleira da zona para solicitarlle que cortase os castiñeiros que agora apareceron eliminados porque “lle sacaban vistas” do piso que acababa de comprar na rúa Aguieira –situada a 20 metros das árbores-.

As persoas que compren un piso en Oleiros non teñen dereito á eliminación das árbores que se atopan situadas nas zonas verdes e embelecen os espazos públicos. O Concello agradecerá calquera tipo de información sobre os autores deste delito medioambiental.



Un busto lembra a figura do ilustre humanista José Luis Sampedro no parque que leva o seu nome



◆ O escultor Álvaro Gil García doou gratuitamente ao Concello de Oleiros un busto do célebre humanista e escritor José Luis Sampedro, que foi colocado no parque público que leva o seu nome. O artista valenciano logrou tallar unha figura dun elevado realismo coa que pretende “render tributo” a Sampedro. Esta obra de arte inaugurouse o pasado 17 de xullo nun acto público presidido polo alcalde.

O Concello coopera nun proxecto en Guinea-Bissau ▼

◆ A localidade de Carantaba, no norte de Guinea-Bissau, conta con acceso á auga potable grazas ao proxecto financiado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, entidade na que participa o Concello de Oleiros e da que é socio fundador. O proxecto incorporaba ademais un obradoiro de introdución á fotografía para veciñas da vila, do que resultou a exposición ‘Mindjer di Guiné’ que está a percorrer Galicia.

Esta iniciativa permitiu garantir o dereito humano á auga dos 1.824 habitantes de Carantaba mediante a rehabilitación dun pozo con sistema de bombeo electrosolar, a construción de dous depósitos de altura e a instalación dunha rede de distribución cuns 1.000 metros de canalizacións. Ademais, dispuxéronse catro fontes públicas e dúas tomas domiciliarias, unha na escola e outra na residencia do profesorado.




O superávit económico do Concello permite investir 4,8 millóns en 23 obras ▼

■ O Goberno municipal aprobou no pleno celebrado o 24 de xullo 23 obras e servizos que teñen un custo de 4.829.232 euros. Parte da financiación deste proxectos procede dos 3,8 millóns de superávit cos que conta o Concello de Oleiros do exercicio anterior. ▼


EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS: 1.903.957,54 euros

■ Primeira fase do campo de fútbol de Mera:	939.011,50 euros
■ Proxecto básico e execución da remodelación do Pavillón da Rabadeira:	446.595,09 euros
■ Construción dunha pista de patinaxe de velocidade e ciclismo en Bastiagueiro:	430.419,71 euros
■ Reparación de superficies da pista de skate Bastiagueiro:	47.936,07 euros
■ Mellora da eficiencia enerxética en instalacións deportivas municipais (pavillóns de Canide e Valle Inclán):	39.995,17 euros



◆ A primeira fase do campo de fútbol de Mera inclúe a creación do terreo de xogo de céspede artificial -terá unhas dimensións de 101x60-, a instalación da iluminación e a construción de catro vestiarios. Nunha seguinte fase está previsto abordar a construción dunha grada cuberta, así como a ordenación e o axardinamento dos accesos.

◆ A pista de patinaxe de velocidade e ciclismo estará situada xunto ao estadio do INEF, na avenida Ernesto Che Guevara.



PARQUES PÚBLICOS E PASEOS: 1.716.783 euros

■ Expropiación edificacións na ZV-10 (Parque litoral de Bastiagueiro Pequeno):	1.000.000 euros
■ Substitución do pavimento de madeira do paseo marítimo da ría entre A Fábrica e Agramar:	415.455,24 euros
■ Pavimentación da praza da Lagoa de Mera:	110.775,74 euros
■ Humanización e mellora da rúa do Repicho:	161.898,48 euros
■ Reparación de xuntas, ancoraxes e superficies da praza Esther Pita:	28.653,54 euros



◆ O solo de madeira do paseo da ría ten un alto custo de mantemento. Por ese motivo, e para mellorar a seguridade dos cidadáns que o utilizan, vai cambiarse por outro pavimento que imita á madeira e que ten unha conservación máis sinxela.

CONTROL E SEGUIMENTO DE OBRAS PÚBLICAS: 207.977,35 euros

■ Control de calidade dos investimentos financeiramente sostibles:	160.986,89 euros
■ Coordinación de seguridade e saúde:	46.990,46 euros



REDES DE ABASTECIMENTO DE AUGA: 438.785,13 euros

■ Nova rede de abastecemento de auga na Avenida Francisca Herrera:	394.361,18 euros
■ Peche do circuíto da rede de abastecemento de auga na rúa Golfiño:	44.423,95 euros

MOBILIDADE: 395.330,73 euros

■ Mellora das infraestruturas viarias do Polígono industrial de Iñás:	167.421,81 euros
■ Pavimentación da rúa Uxío Novoneyra:	109.765,65 euros
■ Liquidación da obra da glorieta do centro de Santa Cruz:	90.516,88 euros
■ Mellora da seguridade viaria nun tramo da rúa Bartolomé das Casas:	27.626,39 euros



EDIFICIOS MUNICIPAIS: 103.414,77 euros

■ Renovación da cuberta do Centro Municipal de Formación:	67.976,46 euros
■ Instalación eléctrica na Finca Tenreiro:	28.525,88 euros
■ Reparacións do falso teito no local social de Rialta:	6.912,43 euros

OUTROS: 62.983,80 euros

■ Canalización da rede de comunicación e baixa tensión na rúa Fieitos:	34.983,80 euros
■ Adquisición dunha furgoneta para a policía local:	28.000 euros



Está previsto que estas obras comencen a realizarse a partir do mes de setembro. Ademais, nas vindeiras semanas, van ser aprobadas un novo conxunto de obras e servizos que se financiarán con cargo aos cartos procedentes da venda de solo propiedade municipal.

As subvencións municipais para o alumnado que usa o comedor escolar suman 95.000 euros

■ *O Concello asume integramente os gastos das comidas dos nenos e nenas en risco de exclusión*

◆ O Concello de Oleiros ten dous programas destinados a subvencionar os alumnos e alumnas dos centros de ensino público que utilizan os comedores escolares xestionados polas ANPA. No caso daqueles menores en situación de vulnerabilidade, o Concello asume entre o 95% e o 100% dos gastos de comedor. Ademais, destínanse 35.100 euros para facilitar que os pais e nais poidan compatibilizar mellor os seus horarios laborais cos escolares.

Para poder optar a estas últimas axudas, as solicitudes deben presentarse na Fábrica antes do 30 de setembro. A contía exacta que se lle concede a cada solicitante depende da renda per cápita familiar.



mes de setembro con rutas de sendeirismo pola Illa de Sálvora e a costa asturiana. As excursións deste ano estiveron vencelladas ás pegadas que deixaron distintas mulleres relevantes nos lugares que se foron visitando.

**Máis de
1.800
maiores
gozan das
excursións
◀ do Ven e
Descubre**

◆ O programa de excursionismo e sendeirismo municipal para maiores de 60 anos rematará no

A *Porta Violeta* segue aberta en setembro

◆ O Concello está a traballar na programación de novas actividades dirixidas a mulleres, para que poidan explorar todas as súas posibilidades, desenvolver a súa creatividade e que poidan medrar, liberándose dos tabús e das normas establecidas que impiden o seu desenvolvemento. No primeiro semestre do ano, dentro da *Porta Violeta*, desenvóléronse distintas actividades como o Obradoiro do Corpo, o Obradoiro Espazo Vital, o Obradoiro Móvete+ e o Obradoiro Bolboreta.

Este proxecto naceu o pasado 8 de marzo, Día Internacional da Muller, como un programa no que se integraron todas as actividades que se viñan desenvolvendo baixo o marco do Plan de Igualdade e xunto con outras moitas novas que se puxeron en marcha. A *Porta Violeta* está dirixida a mulleres de todas as idades, inqueadas, sen fronteiras, que desexan un feminismo consciente e que queren aproveitar as posibilidades que as rodean para seguir medrando a través destas actividades.



As praias e a costa de Oleiros volven ser recoñecidas coas bandeiras azuis



◆ As praias de Santa Cristina, Bastiagueiro, Mera, Espiñeiro e Naval volveron recibir a Bandeira Azul para este verán. A Costa Libre de Oleiros tamén foi recoñecida como sendeiro azul europeo e o Castelo de Santa

Cruz e a Aula do Mar foron distinguidos como centros azuis pola súa calidade e atención.

Todas as praias do municipio están dotadas de múltiples servizos. Ademais, Oleiros destaca pola calidade das augas e a conservación e

ordenación dos contornos da praias e de todo o litoral. Tamén existe unha ordenanza, pioneira en Galicia, que contempla unha normativa que garante a convivencia e a seguridade dos bañistas.

O alumnado do Obradoiro de Emprego da Finca Tenreiro remata a súa formación cun contrato de traballo ▼



◆ O alumnado que participou no Obradoiro Dual de Emprego "Acondicionamento do edificio principal da Finca Tenreiro" rematou a súa formación de 9 meses cun contrato de traballo nunha empresa. Neste proxecto, subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, participaron 20 veciños de Oleiros en situación de desemprego que se formaron nas especialidades de albanería e carpintería e que contribuíron ao acondicionamento do edificio principal deste gran parque público.

Todos os alumnos que obtiveron o certificado de profesionalidade foron contratados por unha empresa do sector, polo menos, durante 3 meses. O Concello de Oleiros convocou unha orde de axudas para entregar un incentivo económico ás empresas que realizasen estas contratacións.

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde López, o director xeral de Orientación e Promoción Laboral, Pablo Casal e o alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, participaron no acto de entrega dos diplomas aos alumnos e alumnas participantes.

Vladimir Zapparov, subcampión do mundo de taekwondo con 11 anos ▼



◆ O novo Vladimir Zapparov, veciño da parroquia de Oleiros, logrou recentemente o subchampionato do mundo de taekwondo en Corea. Zapparov acumula numerosas medallas en diferentes modalidades dos campionatos españois, europeos e mundiais de taekwondo e xa é unha referencia a neste deporte.

Dous ouros para Manu Taibo no campionato de España de patinaxe ▼



◆ Manu Taibo, que participará nos próximos días coa selección española no Campionato de Europa volveu triunfar nun Campionato de España de patinaxe de velocidade ao conseguir dúas novas medallas de ouro na categoría xuvenil. Tamén tivo unha exitosa participación nesta competición Tomás Guillán, que ocupou a terceira praza da clasificación xeral en categoría infantil.

Un concello vivo

Toni Ripoll, subcampión europeo junior de vela ▼



◆ O veciño dos Regos Toni Ripoll González, xunto co seu compañeiro Jacobo García, conseguiu a medalla de prata no Campionato de Europa de vela junior, na clase 420. O pasado ano, Ripoll conseguira o Campionato de Europa e o Mundial na mesma clase, na categoría sub-17.

Fernando Cancelo bate o récord de España de ascenso ▼

◆ Fernando Cancelo, veciño de Dexo, é o actual plusmarquista español de ascenso acumulado tras conseguir ascender 37 veces ao Monte Xalo en 24 horas. A proeza de Cancelo estivo a piques de outorgarlle tamén o récord do mundo, tan só lle faltou completar 3 ascensos máis nesas 24 horas.




Iria Álvarez proclámase campioa de España de ximnasia rítmica ►

◆ Iria Álvarez Fuentes, do Club Acordes, proclamouse campioa de España de ximnasia rítmica en cinta, na categoría júnior, o pasado mes de xuño. En ximnasia estética, o equipo júnior deste club participou no Mundial, obtendo a medalla de bronce por países xunto cos demais equipos españois.



Erik Cortázar, Daniel Rodríguez e Ana Sánchez triunfan no campionato de España de ximnasia artística ▼



◆ O ximnasta de Montrove Erik Cortázar conseguiu proclamarse campión de España de ximnasia artística no nivel base 1. Cortázar conseguiu dous ouros en salto e paralelas e unha prata en cabalo con arcos. Pola súa parte, Daniel Rodríguez ocupou a segunda posición na clasificación xeral de nivel base 6 logo de conseguir un ouro en cabalo con arcos, unha prata en argolas e un bronce en paralelas. Tamén destacou neste campionato Ana Sánchez Prieto que logrou a medalla de bronce na clasificación por equipos no nivel 8.

Andrés Prieto consegue o Campionato de España de triatlón coa selección galega ▼



◆ Andrés Prieto Villar conseguiu subir ao máis alto do podio coa selección galega no Campionato de España de triatlón en idade escolar. O deportista oleirense completou unha extraordinaria actuación e foi oitavo na proba individual.

Hugo Vilariño, Hernán Pisos e Álex Amigo conseguen a medalla de bronce no Campionato de España de Voleibol ▼



◆ Os xogadores oleirenses de voleibol Hugo Vilariño, Hernán Pisos e Alejandro Amigo representaron a Galicia no Campionato de España de selección autonómica obtendo a terceira posición final. No caso de Hugo Vilariño tamén foi convocado para o campionato de España de volei praia.

O Trofeo Concello de Oleiros de fútbol acada a edición número 50 ►

◆ Todos os equipos de fútbol modesto do municipio enfróntanse durante o mes de agosto nesta competición que cumpre 50 edicións. O Concello de Oleiros destina 10.000 euros en premios para os clubs participantes. A gran final disputarase nos Regos, no Campo Leonardo Maceira, o sábado 31 de agosto ás 18:00 horas.



A Escola Municipal de Danza gana o Concurso Ciudad de Santander ▼



◆ O grupo de 7-8 de danza clásica da Escola Municipal do Concello de Oleiros, que dirixe o profesor Juan Hernández, ganou o primeiro premio da cuarta edición do Concurso de Danza Ciudad de Santander. O xurado tamén distinguiu o grupo de Oleiros co premio á mellor posta en escena.

Ángela Castiñeira acada a terceira posición no Campionato de España de xadrez ▼



◆ A xadrecista do Club de Regatas Perillo conseguiu a medalla de bronce no Campionato de España celebrado a finais do mes de xuño en Granada. Ángela Castiñeira González disputou ao longo do torneo un total de 9 partidas, ganando 4, empatando 2 e perdendo tan só 3.

O alumnado das escolas infantís aprende a relacionarse cos cans da man de Nuba ▼



◆ A cadela Nuba volveu visitar antes do remate do curso escolar os nenos e nenas de 2 e 3 anos das escolas infantís de Oleiros. Nesta actividade de sensibilización, os pequenos aprenden como achegarse a un can, como hai que pasealo, coñecen as súas partes, cepillana, páséana..., o obxectivo é que saiban o que deben e o que non deben facer ante un can para coñecelos, coidalos axeitadamente e evitar accidentes.

Un concello vivo

O cineasta Álvaro Pita recibe o premio á mellor película no Festival de Cine de Bilbao ▼



◆ O cineasta oleirense Álvaro Pita obtivo o premio á mellor longametraxe no Festival de Cine Fantástico de Bilbao coa película 'Escombros'. Pita obtivo este importante recoñecemento na categoría de panorama fantástico.

Tres nenos oleirenses clasifícanse para o Campionato de España de Robótica ▼



◆ Mario Portela Reino, Iago Domínguez Cristóbal e Manuel Méndez Casal proclamáronse campións galegos de robótica o pasado mes de xuño en Santiago. Esa actuación permitíralles participar no mes de setembro no campionato de España que se celebra en Cataluña, no que intentarán clasificarse para a proba mundial que se celebra en Hungría.

Santaia, gaña o segundo premio do concurso de baile tradicional Xacarandaina ▼



◆ O grupo Garrucha, pertencente ao Grupo de Baile e Gaitas Santaia de Santa Cruz, foi distinguido co primeiro premio no Concurso de Baile Tradicional Xacarandaina, na categoría de entre 10 e 13 anos. Neste prestigioso certame participan as mellores formacións de baile tradicional de Galicia.

O Castelo acolle a exposición de fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia ▶



◆ A sala de exposicións do Castelo de Santa Cruz vai albergar ata o 31 de agosto a mostra *Unha mirada de antano: Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia*. A mostra recolle en imaxes e en anotacións minuciosas o que atopou Anderson nas súas expedicións en Galicia entre os anos 1924 e 1926. A entrada é libre e gratuíta.

O Concello, Abanca e Afundación asinaron un convenio de colaboración para traer esta exposición a Oleiros.

Andares por Galicia: a cultura da natureza ▼

Excursións a Mondoñedo e Corrubedo

◆ Para dar a coñecer, protexer e revalorizar a natureza e a nosa contorna como patrimonio cultural, organízanse varias saídas e rutas culturais por Galicia durante os vindeiros meses. Todas aquelas persoas interesadas en apuntarse poderán informarse e inscribirse persoalmente no Departamento de Cultura (A Fábrica), no teléfono 981 610 000 (extensións 4915 e 4916), ou no enderezo electrónico: cultura@oleiros.org.



RUTA POLAS TERRAS DO MARISCAL PARDO DE CELA: 21 DE SETEMBRO ▼

A viaxe transcorrerá entre San Martiño de Mondoñedo, en Foz e Castrodouro. As persoas participantes visitarán a Basílica de San Martiño de Mondoñedo, o Castelo-fortaleza da Frouseira, o río Ouro, a ponte da Seara ou o Castelo de Castrodouro, entre outros lugares. A distancia a percorrer é de 16 km e está cualificada como de dificultade media.

RUTA POLO PARQUE NATURAL DE CORRUBEDO: 19 DE OUTUBRO ▼

A camiñada transcorrerá entre Aguiño e o faro de Corrubedo. Durante o percorrido pasarase pola Punta de Couso, o Parque Natural de Corrubedo, a lagoa de Vixán ou a duna de Corrubedo, entre outras zonas. A distancia a percorrer é de 16 km e está cualificada como de dificultade media.



A oferta de rutas guiadas polo Monumento Natural prolóngase ata setembro ▼



◆ Durante os meses de xullo, agosto e setembro o Concello oferta rutas guiadas gratuítas polo Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes. As persoas interesadas en apuntarse deberán **reservar a súa praza chamando ao teléfono 981 618 154**.

As visitas realizaranse os **mércores, xoves, venres e sábado**. Os técnicos municipais de turismo amosarán os valores naturais, culturais e etnográficos deste marabilloso espazo protexido.

A Aula do Mar, situada na antiga casa do fareiro de Mera, serve de punto de atención turística para os numerosos visitantes que se achegan ata ese emblemático lugar. Nos seis primeiros meses do ano visitaron este museo 5.321 persoas.

Complétase o intercambio cultural co municipio italiano de Buccino ►

◆ O mozos e mozas oleirenses de entre 18 e 30 anos que participaron no intercambio cultural coa Comuna di Buccino acolleron nos seus domicilios durante unha semana aos rapaces e rapazas italianos que devolveron a visita realizada o pasado ano. Durante a súa estancia en Oleiros, programáronse diferentes actividades e excursións para fomentar a convivencia entre os rapaces e, ao mesmo tempo, coñecer Oleiros e as zonas máis emblemáticas de Galicia.



◀ Lola, a superoleira

Con motivo do 25 aniversario de Alfaroleiros o artista Joseba Muruzábal elaborou un grande mural nunha parede da rúa do Repicho.

Teatro, música e cine para todos os gustos

■ O Auditorio Gabriel García Márquez e A Fábrica retoman a ampla oferta de espectáculos culturais tras o verán. Haberá obras de teatro, concertos e proxeccións cinematográficas moi variadas.

● **Xoves 3 de outubro,**
ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica, Perillo

O grupo brasileiro **Trio que chora**, formado por mulleres, ofrecerá un concerto no que se explora a diversidade rítmica brasileira. Trátase dun coidadoso estudo das ramificacións do choro e a unión das experiencias con ritmos de varias rexións do Brasil.



■ *Entrada libre con invitación, ata completar a capacidade da sala.*

● **Venres 4 de outubro,**
ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica, Perillo

O conxunto de **Fado Canção de Coimbra & Fado**, realizará unha actuación musical cativador e orixinal. Neste concerto os dous xéneros posibles do fado, Coimbra e Lisboa, crúzanse, respectando as instrumentacións, para non mesturarse.



■ *Entrada libre con invitación, ata completar a capacidade da sala.*

● **Sábado 5 de outubro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

Liberto é unha obra de teatro social, con música en directo. Este espectáculo de **Marelas Producións** é un canto á vida dende a primeira persoa interpelando directamente ao público. Unha reivindicación do imperfecto e do humano.



■ *As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*

● **Sábado 19 de outubro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

Redrum Teatro presenta en Oleiros o espectáculo **Idiota**, unha comedia estreada en Barcelona no ano 2015 e que está percorrendo todo o mundo con grande éxito de crítica e público. Machi Salgado e Susana Sampetro protagonizan esta obra.



■ *As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*

● **Sábado 26 de outubro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

Vida de cans é unha comedia de Candido Pazó na que tres actores fan de can sen deixar de ser actores. Cada un dos tres afronta un conflito segundo a súa personalidade, e todo vai derivando cara unha traxedia que nunca deixa de ser comedia.

■ *As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



● **Sábado 9 de novembro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

Nun cuarto da rotonda, de **Acusmaser Opus**, conta con dúas partes. Na primeira un monólogo amosa a desesperación do seu único personaxe. A segunda xira arredor das ordes que van recibindo os dous protagonistas para acometer o seu traballo.

■ *As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



● **Domingo 10 de novembro,**
ás 19:30 horas

Auditorio da Fábrica, Perillo

La sombra de la Ley é unha película do galego Dani de la Torre, protagonizada por Luis Tosar, ambientada en 1921, nos anos do chumbo, froito dos violentos enfrontamentos na rúa entre matóns e anarquistas.



■ *Entrada libre con invitación, ata completar a capacidade da sala.*

● **Sábado 16 de novembro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

A compañeira de piso é unha comedia negra sobre a capacidade de reconducir o tren da propia vida e o que sucede cando este descarrila. Esta obra, dirixida por Belén Pichel e Cándido Pazó, está protagonizada por Patricia Vázquez e Rebeca Montero.

■ *As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicación@oleiros.org*

De proxectos non se vive

O Ministerio de Fomento volve anunciar que aproba o proxecto da obra do cruce de Sol y Mar. Ata aí todo ben. Pero mentres non se contraten as obras non podemos fiarnos. Outro Goberno socialista, no ano 2007, tamén aprobou un proxecto pero a obra nunca chegou a ser realizada.

O que non podemos os cidadáns é deixar que nos tomen o pelo outra vez. Os primeiros afectados directos somos os veciños de Perillo, pero é que por este punto pasan a diario milleiros de coches que sofren esta situación, agravada desde que se fixeron as obras do sifón na avenida Che Guevara.

Agardamos que esta vez si sexa definitiva. Para todo un Estado español esta é unha cousa pequena, pero que repercute en milleiros de persoas. Formen ou non Goberno, esta obra pode realizarse sen ningún problema. Aplíquense e resolvan os problemas que temos os cidadáns.

María Pereira López - Perillo

A traxedia do Mediterráneo

Miles de persoas morren afogadas no Mediterráneo. Escapan da fame e da guerra que os Gobernos de Occidente, que dirixen as grandes empresas

multinacionais, crearon para esquilmar recursos naturais e destruír o turismo de Oriente.

Ningún medio fala con esa claridade do que sucede no mundo. Non interesa informar. É mellor contar medias verdades, non ser claro, non transmitir a realidade tal é como sucede para que o imperialismo e a globalización avancen sen demasiados obstáculos.

A prensa non só enmascara as falcatruadas dos titiriteiros Trump, Macron, Sánchez e compañía, senón que tamén silencia as traxedias diarias que se viven no Mar Mediterráneo. Milleiros de mortes que suceden aquí ao lado, nas costas europeas, e das que tampouco se fala. A ambición e a cobiza duns poucos acaba co mundo.

A.C.T. - Mera

Unha sociedade mellor, cousa de todos

Os cidadáns adoitamos ser moi esixentes coas administracións públicas, e facemos ben. Debemos reclamar xestión, eficacia e axilidade. Hai que pedir un uso racional dos cartos públicos, que se invistan en cousas de interese xeral e que non acaben nos petos dos políticos nin dos amigos dos políticos.

Mais debemos tamén realizar unha reflexión sobre o que cada un pode aportar de maneira individual para contribuír a que as cousas funcionen un pouco mellor. Cumprir cos horarios da recollida do lixo, respectar as normas de circulación, utilizar as papeleiras, pagar os impostos que nos corresponden... Se queremos construír unha sociedade mellor e máis xusta, todos temos a nosa cota de responsabilidade.

Francisco García - Santa Cruz

Oleiros marabilla

Temos unha costa marabillosa, aberta a todos os cidadáns, libre para poder disfrutala e dunha beleza innegable. Praias espectaculares, nunhas contornas únicas, coidadas, verdes... Hai parques, monte, paseos preciosos. Que dicir da hostalería, das festas, das actividades culturais e deportivas...

A verdade é que temos moitísimo para ofrecer e moitísimo para gozar. Non todos podemos viaxar a outros lugares pero a verdade é que simplemente con poder gozar de todo o que temos non necesitamos moito máis. Unha cousa si que nos fai falta, saúde. Todo o demais xa o temos sen saír de Oleiros.

Antonio Martínez - Lorbé

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	881 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
EI A Pardela / Os Regos	981 631 788
EI As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EI A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
Mª José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	14 setembro/13 outubro/12 novembro
Mingua	22 setembro/21 outubro/19 novembro
Nova	30 agosto/28 setembro/28 outubro
Medra	6 setembro/5 outubro/4 novembro

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333

Horarios Cal Pita

- Aeroporto de Alvedro 981 187 200
- Estación autobuses A Coruña 981 184 335
- Estación FFCC San Cristovo 902 432 343

1 > A Coruña > Fonteculler > Fonteculler > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30'. Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Domingos e festivos Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30'. Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 20:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Domingos e festivos Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Domingos e festivos Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Domingos e festivos Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nós > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6,55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Domingos e festivos Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:55 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada hora
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Domingos e festivos Ida 8:25 a 20:25 cada hora. ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ 7:40 a 20:40 cada hora. ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Domingos e festivos Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Domingos e festivos Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados, domingos e festivos Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



36.628 habitantes empadroados/as!

Ata o 19 de agosto, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:

DEXO (Santa María)	1.379
DORNEDA (San Martiño)	3.525
IÑÁS (San Xurxo)	1.240
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.598
MAIANCA (San Cosme)	1.503
NÓS (San Pedro)	4.799
OLEIROS (Santa María)	3.151
PERILLO (Santa Leocadia)	8.843
SERANTES (San Xulián)	1.590
TOTAL	36.628

FARMACIAS DE GARDA

Datas

<ul style="list-style-type: none"> Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) • Teléfono: 981 663 890 	Do 23 ao 29 de agosto
<ul style="list-style-type: none"> FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) • Teléfono: 981 614 503 	Do 30 de agosto ao 5 de setembro
<ul style="list-style-type: none"> Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) • Teléfono: 981 648 440 	Do 6 ao 12 de setembro
<ul style="list-style-type: none"> MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) • Teléfono: 981 614 184 	Do 13 ao 19 de setembro
<ul style="list-style-type: none"> PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 10 (Liáns) • Teléfono: 981 923 845 	Do 20 ao 26 de setembro
<ul style="list-style-type: none"> PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) • Teléfono: 881 963 932 	Do 27 de setembro ao 3 de outubro
<ul style="list-style-type: none"> JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) • Teléfono: 981 628 165 	Do 4 ao 10 de outubro
<ul style="list-style-type: none"> LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás) 	Do 11 ao 17 de outubro
<ul style="list-style-type: none"> SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) • Teléfono: 981 610 027 	Do 18 ao 24 de outubro
<ul style="list-style-type: none"> MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) • Teléfono: 981 617 937 	Do 25 ao 31 de outubro
<ul style="list-style-type: none"> JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo) 	Do 1 ao 7 novembro

Santa Cruz aberta ao mar



O Porto de Santa Cruz ampliou os seus servizos hoteleiros abrindo novos espazos públicos para uso e gozo da cidadanía. Atrás quedan os agoireiros e as difamacións. Hoxe Santa Cruz, no seu conxunto, é unha das zonas máis atractivas e de interese turístico do municipio.